

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº104/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de abril/ Estado de Preparación do capuchón de S. Santa

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



O noso Alvarito segue conquistando o mar de Vigo con interesantes capturas. Páx. 1



Aínda a estas alturas, moitos periodistas seguen confundindo as praias de Melide, de Ons e Cabo Home. Ata cando? Páx. 1

A nova tropa Camawaiana de Ons conquistaron Portonovo e tomaron ao asalto o Restaurante “Pescador”. Páx. 2



Seguen as homenaxes ás Cantareiras de Ons. Agora tocoulle a quenda a María do Caño. Páx. 3



Presentación no Grove do libro: “Entre o mar e a terra. Unha historia das xentes de O Grove”, escrito polo doutor en Historia: Bruno Padín Portela. Páx. 4

Proxección en Sanxenxo do documental: “A última dorna de Ons”. Este documental estivo acompañado dunha magnífica actuación do grupo “Portonovo Canta” con fermosas cantigas mariñeiras. Á vez unha exposición sobre a Dorna. Páx. 3

Recuperada a Capela da Illa de Cortegada. Pasará a ser un centro de visitantes. Páx. 5



Breves:
-Ons na Memoria. Páx.4
-Salgadoiro de Suxestións. Páx. 5
-Parque Nacional Activo. Páx. 5
.O Faro de Ons. Páx. 7



NOTA DE REDACCIÓN:

Despois de saír no número anterior, o volume *nº 5 de Onstopus* correspondente aos números: 85 ao 100B, moitos lectores puxéronse en contacto comigo para saber onde o vendían.

Volver a explicar que eses volumes son unha cousa particular miña que, cada número, fotocopia e gardo, para logo, cando pasa un ano, aprox., os encaderno e fago un volume de lectura en papel. Está claro que, economicamente, sae caro, pero ao ilo facendo número a número, non te decatás.

Tamén pode gardarse, baixándoos destes enlaces, e gardalos en xeito dixital:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/indice.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Á vez, se a alguén lle interesa, pode baixar e gardar dixitalmente, a revista AUNIOS, tanto por exemplar como por autores:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indice.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

MELIDE DE ONS OU DE CABO HOME?

(24/03/2025)

Xa teño comentado neste minixornal, temáticas aparecidas en diversos xornais e revistas sobre a Illa de Ons, onde poñen textos que nada teñen que ver con Ons, ou confunden praias e fotos,...

Hoxe falo dunha nova que apareceu no Diario de Pontevedra co título: *“Esta paradisíaca playa de aguas turquesas está entre las más bonitas de Galicia según National Geographic”*.

Comeza dicindo: *“Galicia, con su extensa costa y paisajes impresionantes, alberga algunas de las playas más hermosas de España. Recientemente, National Geographic ha destacado varias de estas joyas costeras en su lista de las mejores playas gallegas.*

Entre las playas mencionadas se encuentra una situada en la parte norte de la isla de Ons, conocida por su estado prácticamente virgen y por ser la más grande del archipiélago. Este arenal, famoso en Galicia por ser una playa nudista, ofrece a los visitantes una experiencia única de conexión con la naturaleza.

Hablamos de la Playa de Melide, situada en la parroquia de O Hío, en el municipio pontevedrés de Cangas. Para llegar a esta playa, es necesario tomar un barco y caminar desde el muelle, lo que añade un toque de aventura al viaje. Una vez allí, los visitantes pueden disfrutar de fantásticas vistas de la ría de Pontevedra y de un entorno resguardado del viento....”

E continúa falando de Melide en Ons e da illa en xeral. Á vez ao artigo, que fala da Melide de Ons, acompañan dúas fotos da praia de Melide, pero a de Cabo Home en Cangas.

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/turismo/arena-fina-aguas-turquesas-paradisica-playa-pontevedra-mas-bonitas-galicia-national-geographic/202503211407451382479.html>



Como podemos comprobar, a confusión é importante, pois mestura dúas praias co mesmo nome, aínda que unha está situada en Ons e a outra en Cangas.

Coido que habería que revisar moito estes erros, sobre todo, para non confundir aos lectores.

Tamén hai que engadir o tema do nudismo na Melide de Ons, unha das primeiras de Galicia onde se practicou e que, sen embargo, hoxe en día está reducido a un pequeno “gueto” na parte norte da praia. Os nudistas, agás algúns da época camawuaiana, abandonárona. Unha pena!!!



(27/03 e 2/04/2025)



O Gran Alvarito, o noso pescador de cabeceira, preséntanos as dúas últimas capturas realizadas, nada menos que un polbo de case 8 kg., cando aínda non entrara en veda, e un salmonete de 1 kg. Parabéns

REUNIÓN E PAPADELA DA “NOVA TROPA CAMAWUAIANA)

Máis dunha década levan reuníndose os Camaweis nun par de comidas de confraternidade anuais, en Bueu e Portonovo-Noalla. Esta última, ao igual que o ano pasado, tivo lugar no Restaurante “Pescador” de Portonovo, que rexenta Alex, tamén Camawuaiano, que despois da succulenta comida que nos serviu o ano pasado, este ano superouse, ofrecéndonos.

De primeiro: Cigalas, Ameixas á mariñeira, Twister de lagostinos.

De segundo: Variado de peixe da Ría ou Carrilleiras ibéricas.

De sobremesa: Magníficas delicatessen preparadas pola muller de Alex. Cafés e chupitos.

Todo a fartar, de moi boa calidade e moi ben preparado.

A papadela foi o sábado 29 de marzo. Non faltou antes o percorrido de costume pola Ruta de Viños, primeiro en **Pepa a Loba** onde saboreamos un polbo da ría de quitarse o sombreiro e logo na **Cova de Ons**, do auniense Juan, onde saboreamos un exquisito albariño e unhas tapas de guiso de tenreira.

Todo un espectáculo culinario.



Se no anterior número informámbamos da homenaxe ás **Pandeireiras de Ons**, entre as que están Carmucha de Farruco e María do Caño (Ons), desta vez informamos sobre a charla e, supoño, actuación, entre outras de María do Caño no *Museo do Pobo Galego*. Aquí vos deixo o cartel e o comentario.

museodopobo

A Voltas co Baile

Cantar para bailar

Sábado 26 de abril de 2025
Auditorio do Museo do Pobo Galego

11h00
Presentación
Beatriz Busto, etnomusicóloga

11h45
Conversa coas cantareiras:

Adelina Suárez e Lucinda Barcia
Toutón (Mondariz)

María López
O Caño, Ons (Bueu)

Pilar Turnes
Leboráns, Transmonte (Ames)

Máis información e inscrición:
servizosdeac@museodopobo.gal
www.museodopobo.gal

Museo do Pobo Galego



XUNTA DE GALICIA
Organización DE GALICIA
MUSEO DO POBO GALEGO

🎵 Neste ano, dedicado ás **cantareiras e á poesía popular oral**, centraremos a xornada na relación entre estes elementos do noso patrimonio inmaterial e as dinámicas e vínculos que se xeran entre as persoas que tocan e bailan.

💖 Teremos a oportunidade de gozar co saber e a experiencia de **Adelina Suárez, Lucinda Barcia, María López e Pilar Turnes**, mestras cantareiras que, a partir das súas vivencias, nos contarán (e cantarán) como se foron desenvolvendo os espazos onde se tocaba e bailaba. A través deste coloquio, descubriremos as particularidades, relacións e diferenzas entre os bailes de pandeireta nas súas localidades de orixe: Toutón (Mondariz), Ons (Bueu) e Transmonte (Ames).

Abrirá a xornada e guiará a conversa **Beatriz Busto**, etnomusicóloga e autora do libro *As pandereiras de Mens*, unhas das nomeadas na homenaxe colectiva do #DiadasLetrasGalegas deste ano.

📧 A inscrición é de balde. Podedes facela enviando un correo a servizosdeac@museodopobo.gal



PROYECCIÓN DA “ÚLTIMA DORNA DE ONS” NO AUDITORIO DE SANXENXO

Importante éxito deste documental sobre *A Dorna e a Pesca Tradicional do Polbo na Illa de Ons*.

Dende a súa primeira proxección no auditorio do Parque Nacional Illas Atlánticas, xa houbo máis de dez proxeccións pola provincia pontevedresa e ten un bo número de solicitudes que, por circunstancias diversas, teñen que esperar.

Importante é que estes Proxectos, que contan con Axudas do Parque Nacional, teñan posteriormente unha posta



en escena cara ao público, para dalos a coñecer e se valore, tanto o proxecto como a aposta pola investigación que fai o Parque Nacional.

Neste caso son os autores do documental quen están a realizar ese labor e, en moitos casos, como este de Sanxenxo, compaxinárono cunha Exposición “Salitre nas Veas” sobre a Dorna e a impresionante actuación do grupo “Portonovo Canta”, que deleitounos cunhas cancións mariñeiras, todo perfectamente coordinado por Manuel Cabada.

Volvo a solicitar ao Parque Nacional dende estas letras que todos os proxectos que subvencione sexan presentados ao público, polo menos, unha vez.

ONS NA MEMORIA

TRASLADO DAS IMAXES DE CURRO Á CAPELA DE CANEXOL

No ano 1997, despois de que, sufragado por todos os veciños, se arraxara a capela de Canexol e por mor do mal estado no que se atopaba a igrexa nova de Curro, trasladáronse as imaxes para a celebración das Festas de San Xaquín ata a capela, á espera de que a Deputación arraxara, como prometera, a igrexa nova.

Na imaxe podemos ver aos irmáns Juan e Arturo Reiriz, facendo o ritual de lavarlle a cara á imaxe de San Xaquín para que nas Festas houbera bo tempo.



Presentación do libro:

Entre o mar e a terra

Unha historia das xentes do Grove

do autor: **Bruno Padín Portela**



Casa da Cultura "Manuel Lueiro Rey"

Venres
4 de abril
20.00 h

CONSELO DE GROVE

Deputación Pontevedra

PRESENTACIÓN DO LIBRO

"ENTRE O MAR E A TERRA. Unha historia das xentes do Grove"

O pasado venres día 4 de abril tivo lugar na Casa de Cultura de O Grove a presentación deste interesante libro escrito polo doutor en Historia **Bruno Padín Portela**.

O libro: *"Traza un percorrido pola historia de O Grove, un territorio profundamente moldeado pola súa relación co mar e a terra.... Bruno pon o foco na dinámica cotiá das súas xentes. Mariñeiros, labregos comerciantes e mulleres son os verdadeiros protagonistas das súas páxinas.... Con rigor e detalle, o autor afonda nos cambios que transformaron esta vila..."*

Dende logo unha importante obra que lerei de vagar para penetrar máis a fondo na historia dunha vila na que vivín e traballei durante 28 anos como mestre, onde fun recibido con moito agarimo e onde tiven a oportunidade de participar na recuperación da súa cultura.

Pero, a carón de dar a coñecer este libro, dous son os motivos polos que traio esta nova a este minixornal. O primeiro é que, no 2001 cos meus alumnos de 4º do colexio Rosalía de Castro, fixemos unha excursión percorrendo a chamada Ruta Xacobeá Marítimo-Fluvial da Ría de Arousa-Ulla, dende o Grove ata Pontecesures, que resultou moi interesante cunha boa cantidade de actividades a realizar.

Posteriormente participamos no Concurso: *"Vén ó Camiño e vén á ruta*

Xacobeá". Todos os alumnos colaboraron con relatos e debuxos como actividade escolar de aula e posteriormente, entre alumnos e profesor, escollemos os que consideramos máis adecuados para enviar ao concurso. Entre eles estaba o de **Bruno Padín Portela**, que resultou premiado pola Consellería de Cultura, e a Santiago nos desprazamos para recoller o premio. Pasaron os anos, nada menos que 24, e cal ía ser a miña sorpresa ao coñecer que o autor desta histórica obra, era aquel alumno que gañara o concurso, toda unha profunda alegría para min.

A segunda é que, mirando a bibliografía do libro, atopamos nomeada á Revista Cultural **AUNIOS**, que eu teño a honra de coordinar, en onde resaltan os artigos de Calo Lourido, Alonso Romero, Adolfo Fernández,...., entre outros.

Moi interesante esta circunstancia que nos enche de alegría ao comprobar que o obxectivo da publicación, de dar a coñecer aspectos de Ons, o Grove e a súa contorna, está sendo aproveitado por especialistas para ampliar os coñecementos sobre a súa historia. **PARABÉNS** para Bruno por este magnífico traballo.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector envía unha nota en referencia ao tema do lixo en Ons, cuestión que levo tratando dende que comecei ente minixornal. Comenta: “Prezado Pardellas,..., parece que este ano hai cambio na adxudicación do asunto da recollida e traslado do lixo na illa. Estou de acordo contigo en que a empresa que o levou estes dous pasados anos non cumpriron con algúns puntos do contrato, no que respecta a dar información a veciños e hostaleiros sobre o uso de certos produtos de limpeza e máis temática de Educación Ambiental.

Tamén coincide en que non se fai reciclaxe entre a veciñanza, os restaurantes parece que si a fan, e é inaudito que a Consellería de Medio Ambiente non realice en Ons un proxecto do que leva anos concienciando aos galegos, como é a reciclaxe, ao único sitio onde ten todas as competencias, Ons, toda unha incoherencia que demostra o mal que funciona a política nesta comunidade.

Polo menos, por cada vivenda, ou grupo delas, debería haber contedores verdes de vidro e marróns para orgánicos e, como xa tes comentado en varias ocasións, un contedor especial para aceites de uso doméstico.

Eses aceites usados, van logo ás fosas sépticas, a saber como están ou, as casas enganchadas á depuradora, vai dar a esta, causando problemas importantes.

Está claro que: “En casa do ferreiro, coitelo de pau”, e iso é o que lle pasa á Consellería de Medio Ambiente en Ons.

Nun Parque Nacional habitado, a Educación Ambiental é fundamental, pero si os que fallan son os seus xestores, apañados imos!!!”

Que queres que che diga, estou de acordo contigo. Anos levo/amos pedindo o tema da reciclaxe e o contedor de aceites, non só neste minixornal, senón nos Informes que Pineiróns enviaba anualmente á Consellería e Parques, pero, fan oídos xordos a todas as suxestións que veñan de fóra.

Só queda esperar que algún día haxa cambios políticos e que a cousa cambie, pois do contrario, como ben dis, apañados imos!!!



VISITAS GUIADAS NAS ILLAS ATLÁNTICAS Semana Santa

APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS CO EQUIPO DE GUÍAS DO PARQUE NACIONAL

CÍES E ONS
Faranse varias rutas diarias, ás que te podes apuntar nos puntos de información das illas no mesmo día. Tamén podes reservar praza nas rutas aos miradores que se ofrecen ás 12:00h na central de reservas.

SÁLVORA, ILLA DE ESCULTURAS E LENDAS
Mércores 13 de abril
Saída de O Grove ás 10:00h e regreso ás 15:00h
Transporte 20€. 20 prazas

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR
Domingo 20 de abril
Saída dende Carril ás 10:00h e regreso ás 13:45h
Transporte 13€. 15 prazas.

DETECTIVES NA PRAIA, para menores de entre 5 e 12 anos
Descubre a vida mariña a través das pistas que hai na praia
En Cíes o martes 15 ás 16:15 e en Ons o domingo 20 ás 13:00h.

RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.illasatlanticas.gal/actividades
@iatlanticas@xunta.gal 886 218090/82

Observación de fauna

Coñece as bolboretas do Parque Nacional e os seus habitats

12 DE ABRIL | 15:00 - 18:00

Lugar: Illa de Cortegada
Plazas: 25 (todos os públicos).
Inscripción: info@corticata.com
*Actividade suxeita ás condicións meteorolóxicas

Ruta interpretativa

na Illa de Cortegada e Nornada de voluntariado ambiental

13 DE ABRIL | 16:00 - 19:00

Lugar: Illa de Cortegada
Plazas: 25 (todos os públicos).
Inscripción: info@corticata.com
*Actividade suxeita ás condicións meteorolóxicas

UN PARQUE NACIONAL ACTIVO

Actividades para esta Semana Santa nas illas do Parque Nacional. Unhas organizadas polo propio Parque e outras por unha empresa privada. As tres son interesantes, pero anunciadas con moi pouco tempo de antelación e fóra da semana principal de vacacións.

Coido que habería, como levamos reivindicando dende hai xa anos, que estas actividades, e moitas outras, se programen a principios de ano, polo que, varias semanas antes de calquera período vacacional, as persoas-turistas que queren visitar un Parque Nacional, teñan xa un programa preparado con antelación, para poderse anotar con tempo e, que a administración consiga, por fin, que os turistas-visitantes que veñen en época vacacional, vaian a un Parque Nacional que posúe unhas actividades programadas para coñecerlo en profundidade. Penso que este Parque ten persoal preparado para levar a cabo un programa anual de actividades para etapas de vacacións, se non se fai, é que algo esta fallando.



Ruta en Ons organizada polo Parque: “A illa e o mar”.
Foto: Parque Nacional. Mes de marzo 2025.



A Capela de Cortegada no 2008

Tal como podedes ver nas fotografía, ou aínda peor, atopamos a capela no 1989 e no 2008, practicamente estaba igual cando fun nunha viaxe organizada.

Con moi bo criterio o Parque Nacional tivo a ben facer as xestións pertinentes para que as Consellerías de Cultura e M. Ambiente a rehabilitaran e este pasado día 11 de abril líamos na prensa que os conselleiros de Cultura e M. Abiente inauguraban as obras e daban a nova de que se podería visitar xa nesta Semana Santa de 2025.

Tamén anunciaron, no que poderíamos chamar, Declaración de Intencións:

“Contará con distintos usos como el de servir de centro de interpretación y recepción de visitantes o ejercer de punto de difusión cultural acogiendo distintas actividades como exposiciones, presentaciones literarias, talleres, proyecciones cinematográficas, recitales de poesía, entre otras posibilidades.”

Esperemos que así sexa.



INAUGURACIÓN DA CAPELA DA ILLA DE CORTEGADA

Alá polo ano 1989 inaugurabamos o Colexio da Escardia en Vilagarcía, escola na que me deron praza de propietario provisional. Fun a vivir á zona de Carril e a carón da praia de Compostela tiña o meu garaxe onde gardaba unha piragua San Miguel, coa que navegaba ata a praia da illa de Cortegada na primavera.

Foi por ese ano cando pisei esa illa, hoxe pertencente ao Parque Nacional, por primeira vez. Despois déronme xa praza en propiedade no Grove e vivindo alí, decidimos o historiador naval **Lino J. Pazos Pérez** e eu desprazarnos ata Carril, levar a piragua e achegarnos de novo á Illa de Cortegada, pois Lino atopábase fotografando, recompilando datos e investigando sobre as ermidas illeiras das Rías Baixas e acompañeino en varias aventuras para sacar fotografías e conseguir información.

Xa o teño contado aquí, neste minixornal, a aventura que supuxo un 8 de decembro de 1996 achegarnos na piragua ata Cortegada e, cando estabamos a carón da capela, un enorme xabaril femia, saíu dela na nosa procura, supoñemos que co fin de facernos fuxir, como así foi. Tanto nos deu tempo a chegar de novo á piragua e separarnos da orela.

Despois dun tempo de espera, o xabaril saíu da capela, onde tiña a súa vivenda, con sete ou oito xabarís novos e marcharon de percorrido pola illa, o que nos facilitou, un vixiando e outro fotografando e tomando notas, facer o cometido pola que fomos á illa.



Fotos de arriba da páxina: Tinón

Fotos de abaixo páxina: Parque Nacional Illas Atlánticas



FARO de ONS

A luz que iluminará a cultura do mar

